

**EXPEDIENTE:** 2024/E001/000003 (relacionado co expediente 2024/A008/000020)

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN/PEOA FORESTAL E 1 ENXEÑEIRO A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2024)

**TRÁMITE:**

## ANUNCIO

### **CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN/PEOA FORESTAL E 1 ENXEÑEIRO A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2024)**

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 206/2024 de data 02/05/2024, adoptáronse os seguintes acordos:

**“Segundo.-** Convocar o proceso de selección para a contratación laboral temporal de 1 peón/peoa forestal e 1 enxeñeiro/a de montes durante 9 meses e a xornada completa para a execución do “Programa de optimización forestal 2024”, ao abeiro Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

**Terceiro.-** Aprobar as Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 1 peón/peoa forestal e 1 enxeñeiro/a de montes durante 9 meses e a xornada completa para a execución do “Programa de optimización forestal 2024”, que figuran no anexo.”

O que se publica aos efectos oportunos

Documento asinado dixitalmente

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

## ANEXO

### **BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR OPOSICIÓN DE DOUS/DÚAS TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS (1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES E 1 PEÓN/PEOA FORESTAL), EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS DO APROL RURAL 2024**

#### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMAS XERAIS**

O obxecto desta convocatoria é a contratación de 2 traballadores/as (1 enxeñeiro/a de montes e 1 peón/peoa forestais), en réxime laboral temporal para a execución do “Programa de optimización forestal 2024”, no marco da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024), a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases.

A contratación laboral temporal terá unha duración de 9 meses. A xornada laboral será a tempo completo, de luns a venres, repartidas en horario de mañá/tarde segundo necesidades do servizo. Estes contratos están financiados pola Consellería de Promoción

do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Na contratación empregárase a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas activas de emprego.

A disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego establece que as Administracións públicas poderán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego previstos nesta lei con as persoas participantes en dichos programas e que a súa duración non excederá de doce meses

As funcións a realizar por estes traballadores/as son as correspondentes a súa categoría profesional dentro do “Programa de optimización forestal 2024”, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

Esta convocatoria está vinculada á concesión da subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, regulada na Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

## **2. FINANCIAMENTO**

Os custos salariais e de Seguridade Social serán imputables ao orzamento vixente.

## **3. SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección será mediante oferta na Oficina de Emprego Santiago Norte e posterior oposición.

A selección realizarase de entre os candidatos/as remitidos/as por parte do Servizo Público de Emprego a través da presentación da correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego, atendendo ao esixido no artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, e tendo en conta a Resolución de data 19/04/2024 da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña.

## **4. PUBLICIDADE**

As presentes bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello. O resultado das probas, para os efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e localización/situación dos mesmos, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica.

## **5. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS**

### **5.1. Requisitos dos aspirantes**

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social:

- a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutro estado membro da Unión Europea ou daqueles estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 texto Refundido do estatuto básico do empregado público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- c) Ter cumprida a idade de dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixírase aso nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.
- e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Os/as traballadores/as deberán ser desempregados/as inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.
- g) Ser candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficia de emprego Santiago-Norte.
- h) Non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas
- i) Estar en posesión da titulación superior de enxeñeiro/a de montes ou equivalente, no caso da selección de enxeñeiro/a de montes
- j) Ter certificado de escolaridade ou de estudos primarios ou equivalente para a selección de peón/peoa forestal.  
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- k) Acreditar o coñecemento da lingua galega co Celga 1 para a selección de peón/peoa forestal e Celga 4 para a selección de enxeñeiro/a de montes.  
De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía realizarase unha proba de galego que determinará o tribunal cualificador, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado como APTO ou NON APTO (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril)
- l) Para inscribirse nos procesos selectivos é preciso pagar un taxa por dereitos de exame de 20 euros, de acordo co establecido na Ordenanza Fiscal núm. 5 do Concello de Dodro (ES68 0081 2281 9300 0110 2315 ou ES60 2080 0329 3831 1000 0014). Gozarán dunha bonificación do 50% da taxa as persoas que figuren debidamente inscritas como demandantes de emprego cunha antigüidade de polo menos 6 meses o cal deberán acreditar xunto co resto da documentación requirida.

## 5.2. Selección dos aspirantes

Realizarase polo Concello de Dodro, de entre os que figuren nos listados de candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviados ao Concello de Dodro, unha vez presentada polo Concello as correspondentes ofertas de emprego específicas na oficina correspondente.

No suposto que no período de duración do contrato tivese lugar a baixa dalgún/ha traballador/a, o concello, sempre que sexa posible, non procederá a iniciar un novo proceso de selección, senón que se chamará ao seguinte candidato/a que figurase mellor

valorado na proposta do Tribunal Cualificador e cumpra a condición de persoa demandante de emprego inscrita e desempregada no momento da súa contratación.

## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Dodro e deberá realizarse segundo o modelo que figura como ANEXO I ás presentes bases, que incluírá unha manifestación de que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

As persoas interesadas que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta, que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo.

As persoas candidatas propostas pola oficina de emprego de Santiago-Norte deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Dodro as solicitudes e a documentación adicional para participar no proceso selectivo, no modelo que se achega como Anexo I, sendo o último día de prazo o 10/05/2024.

Presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao correo electrónico [info@dodro.gal](mailto:info@dodro.gal) antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

A instancia (segundo modelo Anexo I) irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, ou resgardo do mesmo, ou documentación equivalente.
2. Declaración responsable de que cumpre o requisito esixido no apartado b) da base 5 e de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e e) da mesma base.
3. Declaración responsable de non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas
4. Fotocopia da titulación académica exixida segundo o caso:
  - a) Titulación superior de enxeñeiro/a de montes ou equivalente para o posto de enxeñeiro/a de montes
  - b) Certificado de escolaridade ou de estudos primarios ou equivalente para o posto de peón/peoa forestal.No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
5. Fotocopia do título de Celga 1 (peón/peoa forestal) ou Celga 4 (enxeñeiro/a de montes), ou os correspondentes equivalentes.
6. Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Rematado o prazo de presentación de instancias a alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

A dita resolución será definitiva de non haber excluídos/as, e será exposta no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, relacionándose as persoas aspirantes excluídas coa indicación da causa de exclusión. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo dun día hábil para achegar as emendas das deficiencias sinaladas, ao Rexistro Xeral do Concello de Dodro. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma.

Na dita Resolución da Alcaldía determinará o lugar, data e hora de realización da oposición, así como a composición do Tribunal Cualificador.

O chamamento para posteriores probas farase público polo órgano de selección nos locais onde tivera lugar a proba anterior ou na sé do Concello.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso- Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Dodro.

## **7. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal Cualificador, titulares e suplentes, será designado por Resolución da Alcaldía e estará integrado por:

Presidente/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Vogais:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Secretario/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración

Todos os/as membros deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza de que se trate.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia de quen ostente a presidencia e a secretaría do Tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de persoal asesor especialista para as probas que estime pertinentes, que se limitará o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O persoal do Tribunal deberá absterse de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándollo á autoridade

convócante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes poderán recusalo de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente.

## **8. SISTEMA DE ACCESO: OPOSICIÓN LIBRE**

**a) PEÓN/PEOA FORESTAL.** A oposición constará de dous exercicios:

**Primeiro exercicio:** Con carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización dunha proba práctica sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo de peón/peoa forestal: labores de prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde para cada exercicio.

A puntuación máxima desta proba será de **10 puntos**

**Segundo exercicio.-** Obrigatorio para os/as candidatos/as que non puideron acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 1 ou equivalente da lingua galega, deberán realizar unha proba escrita tipo test cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase como APTO ou NON APTO.

**b) ENXEÑEIRO/A MONTES.** A oposición constará de dous exercicios:

**Primeiro exercicio:** Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal sobre o temario que se detalla neste apartado. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de **zero a dez puntos**, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para superala proba. Corresponde ao Tribunal Cualificador determinar cal é o número de preguntas acertadas para acadar esta puntuación mínima, que non ten que corresponder necesariamente co 50% das preguntas acertadas e para o que se terá en conta que as respostas incorrectas non restarán puntuación.

**Segundo exercicio.-** Obrigatorio para os que non puideron acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente da lingua galega, deberán realizar unha proba escrita proposta polo Tribunal Cualificador, cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase como APTO ou NON APTO.

TEMARIO:

1. Coñecemento do entorno físico e xeográfico co Concello de Dodro
2. A Lei de Montes de Galicia
3. Tratamentos silvícola: rozas, rareos e clases.



4. Enfermidades e pragas das principais especies arbóreas
5. A Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios forestais
6. Análise e comportamento do incendio forestal.
7. A Lei 7/1985, de 23 de abril Reguladora das Bases o Réxime Local.
8. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
9. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
10. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

## **9. PROPOSTA DE SELECCIÓN**

Determinada a cualificación final dos procesos selectivos, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica a relación das persoas aspirantes por orde da puntuación total final, con especificación da mesma.

Será seleccionada a persoa aspirante que obteña maior puntuación.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

Os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil contados dende esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Concluído este prazo publicarase a cualificación final dos procesos selectivos, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios da sede electrónica o nome da persoa aspirante coa puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, o Tribunal elevará esta proposta, coa acta da sesión, á Alcaldía para proceder á formalización do contrato correspondente a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación total máis alta.

O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal incluírase, por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán as persoas aspirantes que non foron propostas para nomeamento, por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia da persoa seleccionada.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais será aprobada por Resolución da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica.

A persoa aspirante incluída na proposta de contratación do Tribunal Cualificador, cando fose chamada para a incorporación ao traballo, presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 1 día hábil (contado a partires do día seguinte a aquel en que foi requirida para elo) os documentos orixinais que acrediten que cumpre os requisitos esixidos nas Bases 5ª, 6ª e 8ª desta convocatoria, así como informe médico actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que

non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.

Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de 1 día hábil, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura do contrato, o aspirante seleccionado deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

## **10. NORMATIVA APLICABLE**

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación.

## **11. RECURSOS**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, vostede pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.



## ANEXO I

**MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR OPOSICIÓN DE DOUS TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS (1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES E 1 PEÓN/PEOA FORESTAL), EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DAS SUBVENCÍONS DO APROL RURAL 2024**

**NOME E APELIDOS:**

**DNI:**

**ENDEREZO:**

*(rúa/lugar, número, código postal e localidade, aos efectos de notificacións)*

**TELÉFONO:**

*(no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren)*

**CORREO ELECTRÓNICO:**

*(no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren)*

Sendo remitido polo Servizo Público de Emprego para a participación na convocatoria de selección, por oposición, de dous traballadores (1 enxeñeiro/a de montes e 1 peón/peoa forestal) en réxime laboral temporal, ao abeiro da subvención Aprol Rural 2024

**SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo para o posto de: *(marcar o que proceda)*

- Peón/peoa forestal  
 Enxeñeiro/a de montes

**DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.

**ACHEGO** *(márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):*

- Fotocopia do DNI ou documentación equivalente
- Declaración responsable de que cumpre o requisito esixido no apartado b) da base 5, así como de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e e) da mesma.
- Declaración responsable de non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas
- Fotocopia da titulación académica exixida (segundo o posto ao que se presenta)
- Fotocopia do Celga ou equivalente:
  - Celga 1 (Peón/peoa forestal)
  - Celga 4 (Enxeñeiro/a montes)
- Xustificante do pago das taxas.

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO

## ANEXO II

**DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR OPOSICIÓN DE DOUS TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS (1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES E 1 PEÓN/PEOA FORESTAL), EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS DO APROL RURAL 2024**

**NOME E APELIDOS:**

**DNI:**

DECLARO RESPONSABLEMENTE (*sinalar cunha X*):

Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas

Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.

Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixirase aso nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.

Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO